

Resumo da programación de lingua castelá e literatura

Materia	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	Curso / Ciclo	1º ESO
Profesor/a	FÉLIX SÁNCHEZ BOQUETE		

1. OBXECTIVOS DA ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 1º ESO

1. Comprender e interpretar o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
2. Reter información relevante e extraer informacións concretas como secuencias dunha tarefa sobre un texto oral.
3. escoitar e comprender o sentido global de informacións procedentes da comunicación audiovisual.
4. Coñecer e aplicar estratexias de organización de contido e técnicas diversas que faciliten unha expresión oral coherente, cohesionada e de claridade expositiva.
5. Valorar a lectura como fonte de aprendizaxe e enriquecemento persoal.
6. Elaborar producións orais propias con corrección gramatical que expresen mensaxes con sentido completo.
7. Ler, comprender e interpretar textos escritos de diferente intención comunicativa utilizando técnicas e estratexias diversas que faciliten dita comprensión.
8. Elaborar producións escritas seleccionando as técnicas apropiadas que permitan xerar textos adecuados, coherentes e cohesionados.
9. Recoñecer e utilizar algúns mecanismos de cohesión dos textos: algúns conectores e expresións referenciais.
10. Valorar a escritura como medio para mellorar as aprendizaxes e como estímulo de desenvolvemento persoal.
11. Coñecer e utilizar as categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, determinantes, pronome, verbo, adverbio, preposición e conxunción) e as súas características para mellorar e enriquecer as producións lingüísticas.
12. Identificar e describir a estrutura das palabras e recoñecer os seus mecanismos de formación, utilizando estes coñecementos para ampliar o vocabulario e mellorar a comprensión e a creación de textos.
13. Coñecer, identificar e utilizar conceptos relacionados co significado das palabras: denotación e connotación, sinonimia e antonimia, e tabú e eufemismo.
14. Coñecer e aplicar as regras ortográficas e o seu valor social en aras dunha comunicación eficaz.
15. Manexar o dicionario e outras fontes impresos e dixitais para resolver dúbidas sobre a linguaxe e enriquecer o vocabulario.
16. Coñecer e analizar os elementos constitutivos dunha oración simple e utilízalos na creación de oracións novas.
17. Coñecer e aplicar o uso dos grupos nominais, adxectivos, preposicionais, verbais e adverbiais nunha oración simple.
18. Coñecer a realidade plurilingüe de España.
19. Ler obras da literatura española e universal de todos os tempos como fonte de pracer e enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e a historia.
20. Ler, comprender, analizar algúns aspectos, valorar e emitir xuízos sobre diversos textos literarios.
21. Coñecer as características da linguaxe literaria e algúns recursos lingüísticos e o seu uso en contextos literarios.
22. Identificar e describir as características de obras de distintos xéneros literarios.
23. Redactar textos con intención literaria.

2. CONTIDOS

PRIMEIRA AVALIACIÓN

-Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar.

1. Recoñecemento dos elementos da comunicación na audición de mensaxes orais.
2. Audición e análise de distintos textos orais representativos das variedades lingüísticas de España.
3. A argumentación oral. Planificación e participación nun debate sobre un tema concreto.
4. A narrativa oral: interpretación oral dun conto.

-Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.

1. A comunicación: os elementos da comunicación. Mensaxes orais e escritos.
2. O resumo. Técnicas e estratexias para a realización dun resumo.
3. O concepto de texto. Propiedades textuais. Os conectores textuais. Tipoloxías textuais: segundo a forma e a intención do emisor.
4. A narración: características e estrutura. Os elementos da narración. Lectura, análise e composición escrita de contos cohesionados.
5. Significado e sentido. O sentido literal e o sentido figurado. As palabras polisémicas.

-Bloque 3. Coñecemento da lingua.

1. As linguas de España. As variedades lingüísticas.
2. As relacións semánticas: sinonimia e antonimia.
3. As categorías gramaticais: substantivos, determinantes e artigos.
4. Os grupos sintácticos e os enunciados.
5. Ortografía. As letras e os sons. Grafías: uso da b/v; uso da j. Aplicación das normas ortográficas na composición escrita: autocorrección e corrección de textos.

-Bloque 4. Educación literaria.

1. A literatura: características, temas, tópicos e finalidade. A linguaxe literaria. Os recursos literarios: estilísticos, fónicos, gramaticais e semánticos.
2. Clasificación dos xéneros literarios: narrativa, lírica e teatro.
3. A narración literaria: elementos da narración. O conto.

SEGUNDA AVALIACIÓN

-Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar.

1. Audición, análise e valoración crítica de noticias orais procedentes da radio, a TV e internet.
2. Audición e análise de textos orais narrativos, descritivos, dialogados, expositivos e argumentativos.
3. Planificación e participación nunha exposición oral sobre un tema concreto. A descrición oral nos textos expositivos orais.

-Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.

1. Lectura, análise e valoración crítica de textos procedentes da prensa escrita. O xornal. A noticia: definición, estrutura e características. Composición escrita dunha noticia a partir da análise de noticias.
2. A descrición: definición, características, estrutura e clasificación segundo o punto de vista e segundo o tema. A descrición de persoas, lugares ou paisaxes e obxectos. Composición de textos descritivos.

-Bloque 3. Coñecemento da lingua.

1. Os campos semánticos e os campos léxicos.
2. As categorías gramaticais: adxectivo e verbo.
3. Ortografía. Normas xerais de acentuación. Acentuación de ditongos, tritongos e hiatos. Interiorización e aplicación das normas ortográficas na composición escrita.

-Bloque 4. Educación literaria.

1. A lenda e o mito. A mitoloxía. Lectura e análise de mitos representativos da mitoloxía grega e romana.
2. A novela: características e tipos. Lectura e análise de fragmentos novelísticos.

Resumo da programación de lingua castelá e literatura

TERCEIRA AVALIACIÓN

-Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar.

1. O diálogo e a conversa. Audición e análise de diálogos planificados e diálogos espontáneos.
2. Planificación e realización dun diálogo planificado: a entrevista.
3. Audición, análise e valoración crítica de textos narrativos, descritivos, dialogais, expositivos e argumentativos.

-Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.

1. O diálogo e a descrición nos textos narrativos. Identificación e análise de diálogos nas narracións.
2. Lectura, análise e composición de diálogos literarios.
3. Os textos na rede: características e tipos. A linguaxe en internet. A busca de información en internet: pautas para buscar, encontrar e analizar datos na rede.
4. Lectura, análise e valoración crítica de textos escritos na rede: blogs, foros, chats e redes sociais.
5. Lectura, análise e valoración crítica de textos narrativos, expositivos, descritivos, dialogais, argumentativos.

-Bloque 3. Coñecemento da lingua.

1. O dicionario: tipos de dicionarios. A busca do significado das palabras no dicionario. As acepcións das palabras.
2. As categorías gramaticais: adverbios, preposicións e conxuncións.
3. Os grupos sintácticos. A oración. Identificación do suxeito e predicado nas oracións simples.
4. Ortografía. Os signos de puntuación. Aplicación e explicación das normas ortográficas na composición escrita de textos. Identificación e corrección de erros nos textos de elaboración propia e dos demais. As características ortográficas dos textos de internet.

-Bloque 4. Educación literaria.

1. O xénero lírico. O poema e as estrofas. Lectura, análise, composición e recitado de poemas.
2. O xénero teatral ou dramático. O texto teatral e o espectáculo. Os subxéneros teatrais. Lectura, análise e interpretación de textos teatrais.
3. Dramatización dunha escena teatral.
4. A literatura e o cine. As adaptacións cinematográficas. O guion cinematográfico.

LECTURAS OBRIGATORIAS

	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL
1º AVAL.	<i>Hª de una gaviota y del pájaro que le enseñó a volar</i>	LUIS SEPÚLVEDA	TUSQUETS
2ª AVAL.	<i>El principito</i>	SAINT EXUPERY	ALIANZA
3ª AVAL.	<i>La venganza de don Mendo</i>	P. MUÑOZ SECA	CASTALIA

3. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. Avaliación inicial. Ao comezo de curso realizarase a todos os alumnos unha proba con obxecto de avaliar as capacidades e os coñecementos básicos da materia. Esta proba soamente terá carácter informativo.

2. Avaliación dos libros de lectura. A lectura obrigatoria de polo menos un libro por trimestre será avaliada a través de probas ou traballos escritos ou a través de probas orais. A cualificación positiva desta tarefa poderase utilizar para subir a cualificación final do alumno. As

Resumo da programación de lingua castelá e literatura

lecturas e os seus Correspondentes traballos teñen carácter obrigatorio e non cumprir con esta tarefa supoñerá suspender a materia, aínda tendo superadas as probas de coñecemento da materia.

3. Cualificacións trimestrais. Para obter a cualificación trimestral poderase facer unha ou dúas probas escritas das unidades didácticas impartidas que incluírá exercicios e actividades dos elementos que estruturan ditas unidades. A probas de avaliación realizadas ao longo de cada trimestre cualificaranse como segue:

- **60%** exames trimestrais
- **10%** control sobre a lectura obligatoria
- **30%** avaliación de traballos, caderno, exposicións, etc.

Poderase descontar ata un máximo de **2 puntos** pola reiteración de faltas de ortografía e/ou presentación deficiente, axustándose aos criterios:

- **-0,25** por cada dous acentos inexistentes ou mal colocadas.
- **-0,25** por cada falta.
- **-0,25** por ilexibilidade, ausencia de marxes ou mala presentación de traballos ou exames.

A superación dos mínimos exigibles alcanzarase cun **5**.

4. ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN

Sistemas de recuperación de avaliacións suspensas.

Realizaráanse recuperacións das avaliacións suspensas. As recuperacións de cada avaliación poderanse elaborar ao principio da seguinte; ou ben, darase a posibilidade de presentarse a un exame final global de toda a materia.

Avaliación extraordinaria de setembro.

O alumnado realizará unha proba escrita concibida para tal fin, de semellantes características á proba final de curso. Os exames de recuperación de setembro basearanse nos contidos mínimos e nos criterios de avaliación establecidos na presente programación didáctica.

O alumno suspenso poderá realizar un cadernillo opcional que entregará o día do exame de setembro e que lle será tido en conta de xeito positivo.